

PRAZAS DE ATENCIÓN PREFERENTE

Información da convocatoria de concurso de méritos para postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

A obtención dun dos postos ofertados a concurso implica un destino en comisión de servizos até que alumna ou alumno que motiva a prazas remate a etapa educativa ou por un período máximo de 6 anos.

PRAZAS RECLAMADAS POLA CIG-ENSINO

A CIG-Ensino reclama un incremento de 25 prazas, un terzo máis, así como a modificación de varios perfís. A Consellaría comprométese a que sexan revisadas pola Inspección Educativa. Desde o sindicato insistimos en que non debe quedar ningunha sen revisar.

CENTRO	CONCELLO	PRAZA
CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE	A CORUÑA	1 AL
CEIP EUSEBIO DA GUARDA	A CORUÑA	1 PT
CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE	A GUARDA	1 AL (a maiores da de PT)
CRA BOQUEIXÓN-VEDRA NEIRA VILAS	BOQUEIXÓN	1 PT
IES PERDOURO	BURELA	1 AL (a maiores da de PT)
CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLORES	CAMBRE	1PT - 1 AL
CEIP VELEIRO DOCAMPO	CASTRO DE REI	2 PT (ofértase 1 PT con afín AL)
CEIP O RAMO	FENE	Cambiar código 2 por 11
CEIP SAN XOÁN DE FILGUEIRA	FERROL	1 PT e 1 AL (en vez de 1 PT con afín AL)
CEIP QUIROGA BALLESTEROS	LUGO	Retirar o perfil de linguaxe de signos
CEIP PIÑEIRO	NARÓN	1 PT
CEIP A RABADEIRA	OLEIROS	1 PT
CEIP JUANA DE VEGA	OLEIROS	1 PT - 1 AL con perfil de linguaxe de signos)
IES MIRAFLORES	OLEIROS	1 PT

CENTRO	CONCELLO	PRAZA
IES MARUXA MALLO	ORDES	1 PT
CEIP O RUXIDOIRO	OURENSE	1 PT
CEIP VISTAFERMOSA	OURENSE	1 PT
CEIP EULOGIO GÓMEZ FRANQUEIRA	OURENSE	1 PT
CEIP FRIÓNS	RIBEIRA	1 PT - 1 AL
CEIP CARLOS CASARES	SALVATERRA DO MIÑO	1 PT
CEIP Nº1	TUI	1 PT
CEIP PRINCESA DE ESPAÑA	VERÍN	1 PT
CEIP ESCULTOR ACUÑA	VIGO	1 PT
CEIP CARLOS CASARES	XINZO DE LIMIA	1 AL con afín PT

Unha convocatoria que chega tarde á Mesa e de novo cunha mala xestión previa de contacto cos centros.

Ao longo deste ano 2019 solicitamos en dúas ocasións que se trouxese esta convocatoria á Mesa Sectorial. A resposta foi que non constaban solicitudes. Puxémolo en dúbida desde o primeiro momento e agora constátase a realidade: de non existir demanda dos centros a que aparezan **74 prazas**.

A **CIG-Ensino** non é partidaria desta modalidade de concurso e cremos que hai que potenciar os postos de traballo de atención á diversidade de carácter fixo. Debe estudarse a existencia de centros nos que habitualmente se precisan estes apoios educativos e dotalos de máis prazas no cadro de persoal definitivo.

Volvemos a atopar este ano un mal funcionamento da Consellaría, xa que hai centros que non tiveron coñecemento da posibilidade de solicitar estas prazas outros que mandaron informes á Inspección e non aparecen no Anexo. Ten que mellorar o sistema de información e comunicación dos centros: as direccións e as xefaturas de orientación teñen que coñecer con suficiente antelación que se vai

abrir esta convocatoria para que poidan formular solicitudes e achegar informes.

Reparto das prazas e criterios das Inspeccións. Pola información que temos cremos que non existe un criterio homoxéneo nas Inspeccións.

Así, hai atrancos nalgunha provincia a que se oferten prazas para atención específica a alumnado de Educación Infantil. Deben concederse, e aplicando a orde, unha vez rematada a Etapa educativa, debe saír de novo a concurso para a etapa de Primaria. En todo caso, se a atención preferente é con alumnado de Infantil debería especificarse no perfil da praza.

Demandamos garantías da revisión das prazas solicitadas polos centros.

As limitacións de persoal e do propio número de equipos específicos de orientación dificultan unha correcta tramitación e os datos nas que estamos non axudan. Demandamos que antes de publicar a orde coas vacantes haxa tempo para revisar as demandas dos centros, que non son responsábeis da mala organización da administración.

Persoal participante.

No artigo 2 debe ampliarse a posibilidade de participación ás persoas que solicitan o reingreso desde unha **excedencia** e ao **persoal interino**.

Neste caso a continuidade na praza estaría vinculada a ter dereito a traballar pola orde de colocación na lista de persoal interino. [A Consellaría acepta incluír o profesorado en excedencia mais non ao profesorado interino. Os demais sindicatos apoian a negativa da Consellaría e están de acordo coa exclusión do persoal interino.](#)

Baremo e requisitos.

Formación. Queremos saber porque este ano se exceptúa do requisito de homologación ás actividades dos subapartados 4.1. e 4.2. [Aclaran que a experiencia indica que hai moitos cursos non homologados que gardan relación coas prazas. A CIG-Ensino demanda que se sexa coidadoso e que só se acepten as que estean directamente relacionados coas prazas que se piden.](#)

Linguaxe de signos. Non entendemos que desapareza o título de intérprete de signos expedido pola Confederación Nacional de Persoas Xordas ou por federacións autonómicas. [Acéptano e van revisar o texto.](#)

Necesidades de persoal non docente.

Foron varios os centros os que se dirixiron á CIG-Ensino e, aproveitando a comunicación das súas demandas, nos trasladaron as necesidades de persoal coidador. Non é un tema desta Mesa mais non queremos deixar de facer constancia da necesidade dun incremento deste persoal.

Periodicidade anual e revisión das necesidades dos centros.

Con independencia de que como CIG-Ensino seguiremos a demandar un incremento importante de prazas definitivas de PT e AL, solicitamos unha mellor planificación do traballo da Consellaría con esta convocatoria:

- **Instrucións homoxéneas á Inspección Educativa** das catro provincias sobre os criterios para dotar estas prazas ou para incrementar o catálogo definitivo.
- **Comunicación aos centros** unha vez pechado o prazo de matrícula (e se coñeza tamén a futura escolarización de alumnado con atención preferente) da apertura dun prazo para remitir informes e solicitudes.
- **Convocatoria**, previa negociación na Mesa, **no mes de maio**.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal